

Os factores socioculturais e tecnolóxicos como explicación para a variación lingüística: algunhas fenomenoloxías para o caso do galego*

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI

Universidade da Coruña
sanrei@udc.es

ESTEFANÍA MOSQUERA CASTRO**

Universidade da Coruña
e.mosquera@udc.es

Recibido: abril 2013. Aceptado: mayo 2013

Resumo: O presente traballo examina a importancia dos factores socioculturais e tecnolóxicos na esfera da variación lingüística. Así, fronte a focaxes de estudo máis clásicas, en que se concede unha maior atención a criterios de tipo cronolóxico ou xeográfico, aquí analízanse as implicacións que as transformacións de carácter sociolóxico, relacional e tecnolóxico presentan no estudo das linguas e, en particular, do galego. Este estudo favorecerá, por una parte, reflectir sobre o variacionismo lingüístico e ampliar as perspectivas desde as que nos aproximarmos deste fenómeno e, por outra parte, coadxuvará a verificar a natureza social e a vitalidade das linguas, que mudan para se adaptaren aos novos contextos de uso e ás necesidades dos seus utentes.

Palabras chave: Lingua, variación, sociedade, cultura, tecnoloxía.

Abstract: The present paper examines the importance of socio-cultural and technological factors in the area of linguistic variation. Thus, compared to the classical approaches, which give more attention to chronological or geographical criteria, this article examines the implications that the transformations of a sociological, relational and technological nature have in the study of languages and, particularly, of Galician. This study will allow, on the one hand, to reflect on language variationism and broaden the perspectives from which to approach this phenomenon and, on the other hand, to verify the social nature

* O presente traballo insírese no marco do proxecto de investigación FF2009-08917, dirixido polo Prof. Dr. Manuel Ferreiro Fernández (Universidade da Coruña).

** Este artigo enmárcase dentro do Programa de Formación de Profesorado Universitario (Orde EDU/3445/2011, de 30 de novembro).

and the vitality of the languages, which change in order to adapt to new contexts of use and to the needs of its speakers.

Key words: Language, variation, society, culture, technology.

1. INTRODUCCIÓN

Unha notábel parte dos estudos realizados sobre mudanza ou sobre variación lingüística tivo como albo a dialectoloxía de carácter máis ou menos tradicional, secundarizando ou até deixando de lado perspectivas de análise que contasen como principais variábeis coa idade, co sexo, coa extracción social, co hábitat etc. Lembremos, a este respecto, que baixo o revelador título *Principios da mudanza lingüística. Factores internos e factores sociais*, Labov (1996, 2006) incidía na importancia que teñen esas compoñentes sociolóxicas nos procesos de modificación lingüística. Con efecto, a alteración pode ter a súa orixe no propio sistema ou provir doutros puntos de partida iniciais, como a influencia de linguas próximas, a transformación nos hábitos de vida da comunidade, o influxo doutras sociedades, certos acontecementos sociais ou políticos e mesmo as innovacións técnicas que se están a producir no campo da enxeñaría informática e das telecomunicacións.

Nestes medios, dun punto de vista máis social, as motivacións de carácter cultural, os procesos migratorios, os sistemas de crenzas, a transformación no modo de as persoas se relacionaren e os condicionamentos da tecnoloxía posibilitan usos lingüísticos detectados nos nosos nosos días que contribúen para incidirmos en que a variación nas linguas vira unha das súas máis representativas características. Así pois, neste contributo dedícase atención nomeadamente a dous factores, o sociocultural e o tecnolóxico e analízanse ás súas posíbeis implicacións na mudanza lingüística. No primeiro abórdanse, por exemplo, cuestións relativas a algúns procesos migratorios (antigos e contemporáneos) no dominio galego-portugués, á relixión neste mesmo ámbito lingüístico e inclusive ao factor do desporto. No segundo, pola súa parte, examínase a importancia dos avances no ámbito da informática e das telecomunicacións para a explicación da variación lingüística: aparición dun novo marco de socialización e de interacción, as limitacións técnicas do soporte, as novas necesidades comunicativas etc. Como analizaremos nas seccións que figuran a seguir, todas estas variábeis constitúen, dun modo máis ou menos significativo, motivacións de uso lingüístico que, ou ben acaban por se incorporaren á variedade estándar, ou ben son produtivas en determinados rexistros da lingua.

2. AS MOTIVACIÓNS SOCIOCULTURAIAS

2.1 Os procesos migratorios e a etnia

Algúns procesos migratorios poden determinar que unha nación ou un país se caractericen por seren plurilingües ao ser utilizado máis dun idioma por parte das comunidades de emigrantes, segundo indica Fasold (1996: 37-38). Igual-

mente, procesos migratorios de nacións como os producidos na antiga URSS son capaces de provocaren, por súa vez, que certos colectivos poidan deixar penetrar notábeis influencias na súa lingua provenientes doutros sistemas lingüísticos e que, tamén, poidan perder o seu idioma orixinario (Glyn Lewis 1972)¹, pois «migration has not created but only intensified and extended the manifestation of “linguistic interference” in the U.S.S.R».

Como resulta lóxico, a emigración, tanto neste soviético como tamén no galego (á marxe de todo o manancial bibliográfico que puider inspirar en moitos ámbitos, isto é, cultural, económico, social etc.), acarrexa, de análogo xeito, modificacións lingüísticas no (des)uso do idioma por parte desas xentes que se ven na obriga de abandonaren o seu país. Os procesos migratorios implican, primeiramente, que en ocasións esas persoas teñen de aprender a lingua do territorio a que se dirixen. Outrosí, teñen tamén como consecuencia, en segundo lugar, que, caso eses homes e mulleres tornasen á súa nación após un período longo de tempo, poden cederlle a entrada no seu idioma orixinario a hábitos e empréstimos da lingua que tiveron de aprender. E, en terceiro lugar, se o continxente migratorio humano fose notábel, até chega a influír nos hábitos lingüísticos do país de chegada; nestes medios, Neira Vilas (1995: 153-158; 2010: 39-42) sinala que léxico de orixe galega é normalmente empregado no español de Cuba, como é o caso das voces *achantarse*, *andazo*, *arrente*, *arrimado*, *beliscar*, *botafumeiro*, *chanteiro*, *embicar*, *escarranchar*, *furnia*, *lacón*, *magoar(se)*, *monifate*, *morriña*, *porriño*, *pucha*, *sabichoso* etc., aínda que ás veces esas palabras son utilizadas con acepcións non completamente coincidentes coas documentadas na Galiza actual, como é o caso de *botafumeiro*, que se emprega con singulares significados: «denomínase así o adulador [...], sobre todo dos seus xefes, e ao traseiro ou *fondillo* prominente dunha muller», para alén de que durante «a guerra de independencia (1895-1898) os combatentes mambises cando falaban en clave do *botafumeiro* referíanse a un revólver» (Neira Vilas 2010: 42)².

Non é de estrañar, xa que logo, que algúns autores fagan referencia a unha posibilidade de estudo lingüístico coñecida ás veces como «sociolingüística da emigración», cando menos nalgúns dos aspectos que expón Chambers (2003)³, aínda que se poidan sinalar algunhas diferenzas coa variábel étnico-cultural percibida en sentido estrito:

ethnicity has conventionally been applied to established ethnics groups, such as African American in Harlem and WASPs in Chelsea. Immigrant groups

¹ Tamén habería que pór en relevo os matrimonios entre persoas procedentes de nacións distintas, como fai Glyn Lewis (1972: 333-337).

² Continúa a sinalar Neira Vilas (2010: 42) que na illa do Caribe hai «comidas con nomes galegos —ademais de *caldo*, *lacón* ou *cachelos*—, artes de pesca, como *porriño* e outros» e que tamén se documentan «apelativos cariñosos como *maruxa* e *nenó*».

³ Véxase o expresado en Chambers (2003: 97): «In the theoretical transition from the dialectology of isolation (dialect geography) to the dialectology of interaction (sociolinguistics) [...], we have developed methods for apprehending language variation among people with disparate bonds to the social mainstream. Immigration presents us with some of the most extreme case of dialects and languages in contact».

represent «new ethnicities» in the community, sometimes even when they have the same point of origin as established ethnic groups who arrived a generation or two before them.

Neste sentido, tamén o contributo de Koch (2000), dedicado a analizar os diversos tipos de poboamento do territorio que se asentaron no sur do Brasil, chega a expor a existencia de catro «principais determinantes do português falado na região»: (i) «a chamada de colonos açorianos»; (ii) o contacto co español; (iii) «o papel dos tropeiros paulistas no comércio de gado»; e (iv) o asentamento de colectivos con lingua distinta da portuguesa «nas áreas forestais». Na mesma liña, os exemplos existentes para o portugués brasileiro explicados por influencia de comunidades indias ou africanas son notábeis e non corresponde a estas páxinas referírenos ou comentárenos, aínda que constitúen, como é sabido, un número certamente interesante⁴.

Non nos resistimos, porén, a constatar como do convivio entre falantes de portugués brasileiro e doutras linguas, europeas ou non, se verifican presentemente fenómenos de alteración lingüística, tal como ten sinalado Altenhofen (2000); neste traballo compróbase como o fonema fricativo prepalatal xordo /S/ é pronunciado habitualmente como [s] entre persoas de orixe italiana, como falantes de alemán adoitan alongar os fonemas vocálicos tónicos (cal en [es>t4a:da]) ou como ambas as comunidades europeas costuman articular o ditongo nasal *-ão* como [o~N]. Do mesmo modo, por seu turno, Römischer (2000) e Boller (2000) realizaron senllos traballos dedicados a comprobaren cal o grao de influencia e de mudanza entre o PB⁵ e o español do Uruguai, con valiosos datos de carácter léxico-semántico e morfosintácticos.

E do PB tamén provén o seguinte caso que imos citar a seguir. Sabido é que o sistema pronominal do PB difire nalgúns aspectos do PE, como é o uso xeral de *você* e *vocês* como elementos de P2 e P4 respectivamente, de tal forma que *tu* é só minoritariamente utilizado nalgunhas variedades e *vós*, que xa é infrecuente no PE, coñece un emprego aínda máis restrito. Na realidade, a constatación destas fenomenoloxías asenta en factores étnico-culturais deslocalados duns rexistros asociados ás clases menos favorecidas para outros asociados ao conxunto xeral da poboación, conforme expón M. C. Figueiredo Silva: «A história da ocupação do Brasil explica a substituição de *tu* por *você*: as formas de tratamento formal em português são formas de terceira pessoa do singular; o pronome *você*, utilizado pelos escravos para se dirigir aos seus proprietários, era uma dessas formas» (Silva 1996: 38).

⁴ Continúa a ser de interese, neste sentido, o clásico traballo de Melo (1981: 41-89); por outra parte, os contributos publicados en Mattos e Silva (2004) son igualmente de consulta obrigada para quen quixer aprofundar nestes temas. Nesta liña, os traballos compilados por Heywood (2008) permiten constatar a importancia que tivo a escravatura negra na enfermación da sociedade brasileira, nomeadamente a de procedencia centroafricana.

⁵ Como vén sendo costume nos estudos especializados, PE e PB remiten, respectivamente, para «portugués europeo» e «portugués brasileiro».

En todos os casos que puideren ser citados como exemplos de mudanza de motivación étnica ou cultural, fica claro que a predisposición racial non determina en absoluto o aparecemento de tales diferenzas. Estas son adquiridas a través dos contornos en que as comunidades minoritarias conviven: os grupos italianos e alemáns que aprenden PB entre colectivos que utilizan esta variedade con normalidade non van presentar os mesmos trazos do que as persoas que a adquiren no contacto con camadas sociais que empregan adoito o italiano ou o alemán, do mesmo xeito que a comunidade preta angloparlante dos Estados Unidos da América usaría de modo distinto ese idioma se este fose apreso do contacto con xente branca, e viceversa. Chama a atención, en tales casos, que a compoñente social de isolamento e de marxinalización que caracteriza eses grupos se erixe no factor chave para a explicación do variacionismo⁶.

Por outra parte, é posíbel que as características dunha variedade relacionada cun grupo étnico-cultural resulten o suficientemente representativas como para esa ser percibida como unha entidade particular, tanto por quen a utilizar canto polas restantes comunidades que circundaren ese colectivo de falantes ou coas cales tiver contacto. Así sendo, é habitual falarmos dun *etnolecto*, concepto definido como unha variedade de lingua «vinculada a un grupo étnico concreto» (Trudgill + Hernández Campoy 2007: 147). Exemplos de etnolectos, a nos basearmos neste traballo, serían o anglorromaní (falado polas persoas de orixe cigana das Illas Británicas), o hispanorromaní (empregado, non sen variantes, polas comunidades tamén ciganas da península ibérica) etc.

O factor étnico-cultural camiña perto da influencia xeral que as linguas de substrato exercen sobre un novo idioma imposto, embora, neste caso en particular, nos movamos por roteiros das variedades diacrónicas, e aínda que, igualmente, non haxa consenso unánime sobre a medida dese influxo, pois moitas daquelas linguas antigas non deixaron testemuños escritos (cal é a circunstancia das faladas na península ibérica antes da chegada dos romanos). O clásico traballo de Wartburg (1991) non hesita en atribuír á acción dos substratos etrusco e galo certa responsabilidade na fragmentación da unidade latina, a pesar de que a día de hoxe esas e outras equivalentes influencias sexan, adoito, minorizadas ou secundarizadas, sen que por isto se deixe de recoñecer o seu grao de importancia; así, Posner (1998: 287), sen as negar, matiza que un certo «escepticismo» invade as pesquisas dos romanistas modernos, pois só se poden argüír posíbeis interferencias fonéticas, existindo dificultades no que di respecto á cronoloxía dos fenómenos de interferencia⁷.

⁶ En 3 teremos oportunidade de verificarmos o fenómeno contrario: na Internet, ao desapareceren as restricións espacio-temporais todo o mundo está virtualmente máis próximo e, por tanto, as situacións de contacto lingüístico multiplícanse. É o que Marshall McLuhan deu en chamar a Aldea Global (Castells 2001:15)

⁷ Lémbrese, a título de exemplo, o modo en que a corrente celtista decimonónica como alicerce da cultura e da lingua galegas foi repetidamente utilizada para explicar as orixes da idiosincrasia nacional da Galiza, aínda que hoxe en día se sabe que esa influencia non debeu de se desenvolver tal e como pensaban Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Benito Vicetto

Por outra parte, vale a pena que sexan considerados os procesos migratorios do mundo antigo e medieval e as súas repercusións na onomástica, nomeadamente na toponimia, en que se constatan, na actualidade, nomes de lugar que recollen grupos étnico-culturais diferenciados. Pénsese, sobre este particular, en toponimias galego-portuguesas como *Abregaos*, *Astureses*, *Bascós* e *Bascois*, *Bergantiños*, *Brantuas*, *Braganção*, *Cambeses*, *Casteláns* (ou nas variantes locais da Galiza continental *Castelaus* e *Castelaos*), *Céltegos* e *Céltigos*, *Cumbráns* e *Coimbrões* (ou tamén na outra forma galega *Cumbraos*), *Faramontaos*, *Galegos*, *Godos*, *Lobosandaus*, *Meiraos*, *Montaos*, *Naveaus*, *Rúa do Franco*, *Samos*, *Sarraeus*, *Serra de Galegos*, *Suevos* e *Suegos*, *Toldaos* etc.⁸. Por súa vez, en diversos territorios da península ibérica se ten notado unha relativa «abundancia de poblaciones castellanoleonesas con el nombre de *gallegos*», conforme sinala Ortiz de Urbina (1997: 108-109), que recolle, entre outras, toponimias como *Gallegos* (Segovia), *Gallegos de Hormija* (Valadolide), *Gallegos de San Vicente* (Ávila), *Gallegos del Campo* (Zamora), *Gallegos de Curueño* (León), *Gallegos de Huebra* (Salamanca) etc.⁹. A propósito da posibilidade de combinar os a motivación étnico-cultural co factor procedencia comentado máis arriba e continuando no largo e longo camiño da diacronía, hai que notar que os procesos de repoboamento son capaces de respostaren a cuestións presentes de carácter diatópico; así, no estudo particular de Borges (2000: 17) sobre a linguaxe popular do Concello de Figueira de Castelo Rodrigo, na Beira Alta portuguesa, sinalase que o leonés e o galego «tiveram grande influência no modo de falar das povoações locais».

2.2 Guerras e mudanzas de fronteiras

Igualmente, en Bailey + Wikle + Tillery + Sand (1996) verifícase como a Segunda Guerra Mundial tivo consecuencias nos procesos de variación lingüística no inglés falado nos Estados Unidos da América, particularmente en Texas e en Oklahoma: após unha viraxe nos hábitos de vida, que se viron fortemente

ou Vereia Aguiar nin os adherentes ao mito celta durante o século XX, cal Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas ou o mesmo Castelao. Aínda que hai na actualidade unha notábel literatura dedicada ao estudo da influencia das linguas prerromanas no latín, continúan a ser de interese, no caso galego, as sínteses que figuran en Ferreiro (1997: 18-19) e en Mariño Paz (1998: 25-37).

⁸ Cfr. tamén os nomes *Bretoña* (e na variante con metátese *Bertoña*), *Bretonia* e *Franza* (Rabanal 1967: 102; Cabeza Quiles 1992: 33; Ferreiro 1997: 35), semanticamente transparentes (< BRITONIA, FRANTIA). Destes nomes sinala Cabeza Quiles (1992: 32) que un «importante número de lugares galegos está constituído por aqueles que fan referencia a antigos grupos étnicos que, asentados en determinadas zonas, deixaron pegada da súa presenza na toponimia».

⁹ Outros topónimos con base en xentílicos que cita Ortiz de Urbina (1995: 108-109) sinalan outras procedencias: «En la provincia de Burgos hay un pueblo llamado Vizcaínos; y en la Zamora (antigo reino de León), uno tien el nombre de Castellanos y otro de Asturianos [...]. Sin olvidar los Faramontanos procedentes de Cantabria que repoblaron otras regiones, los Faramontanos del antigo reino de León procederían de Galicia; los Bercianos, del Bierzo; los Navianos, de Navia (en Asturias); y los Limianos, de Limia (en Orense)».

influenciados polo mundo urbano, no período comprendido entre 1933 e 1959 vai detectarse unha nova distribución de fenómenos innovadores na fala de ambos os estados, como se expón nos respectivos cadros (Bailey + Wikle + Tillery + Sand 1996: 441-442). Por seu turno, Kontra (2003: 188) sinala como a relevante modificación de fronteiras estatais producidas ao longo do século XX na nación húngara implicaron, outrosí, graos de diferenciación lingüística entre os membros dese pobo, cando menos do punto de vista sufixal: «their changing mental maps have caused differences in the use of place-names suffixes between Hungarians in post-WWI Hungary and those in neighboring states»¹⁰.

Obviamente, situacións parecidas ou comparábeis ás do país americano ou ás do caso húngaro van tamén documentarse na Galiza e dalgunhas delas imos falar a seguir. Obsérvase como a Guerra Civil española, produto do golpe militar perpetrado no Estado no ano 1936, provocou que algunhas persoas se referisen aos episodios dese tempo (e aos consecuentes da mesta brétema asasina dos restantes 40 anos) con fórmulas eufemísticas que sorteasen o medo social á lembranza do sangue: *o do trinta e seis, o da guerra, aquilo do trinta e seis, daquela, cando foi daquela* etc.

2.3 Mudanzas nas relacións humanas

Notemos, aínda, como o verbo *falar* en construcións como *O Luís fala coa Uxía* servía para dar a entender, igualmente en contextos tradicionais ou populares de hai algún tempo, que ambas as persoas mantiñan algún tipo de relación sentimental, e obsérvase como, na actualidade, o uso entre a xente nova preferiu decantarse por *saír con* (*O Luís sae coa Uxía*). A novela de Manuel Rivas *Os libros arden mal* proporciónanos un exemplo ilustrativo no capítulo «O xogador da sorte»; nesa parte da obra, cuxa acción transcorre á beira dunha mesa de xogo de hai varias décadas, a única hipótese de aposta para unha persoa que xa o perdeu todo consiste na cesión do baile:

A esixencia de ceder o baile é unha regra arbitraria, irritante moitas veces, pero que dá lugar a sorpresas e a continua trasfega, polo que o balbordo, a animación, é moito maior, xa que no territorio dos que xa «se falan» reina máis ben a seguridade do silencio [...]. O «xa se falan» podía entenderse no sentido máis amplo. Porque o falarse tiña tamén unha correspondencia co coñecemento dos corpos. Ou estaban prometidos ou en camiño de prometerse (*LAM* 674).

¹⁰ Páxinas antes afirmara este autor: «At time of this writing in 2002, Hungarians are a nation in eight countries. Slightly over 10 million Hungarians live in the Hungarian Republik, about 520.000 live in Slovakia, 160.000 in Subcarpathia, Ukraine, over 1.4 million in Romania, about 300,000 in Voivodina, Serbia, and a few thousand each in Eastern Slavonia in Croatia, Slovenia and Austria» (Kontra 2003: 174).

Pódese ir procurar máis un outro exemplo significativo de transformación social con evidentes repercusións na lingua nas mudanzas detectadas nos sistemas de tratamento, dentro do complexo ámbito pragmático da solidariedade e da cortesía. Wardhaugh (1992: 295-301) expón algúns casos de idiomas, non só europeos, en que a existencia de diversos sistemas, como o caso do galego *ti / vostede* serve para sinalar relacións de cortesía, de educación, de distanciamento afectivo etc. Estamos perante un dos tipos da coñecida como «deíxe social», moito próxima da «deíxe persoal», concepto aquel debido a autores como Lyons e Fillmore e consagrado durante a década de 60 e de 70 do pasado século. Investigadores actuais, cal Fonseca (1996: 443), Vilela (1999: 409) ou Ramallo (2000: 475) teñen ponderado a súa relevancia para unha correcta comprensión do funcionamento pragmático das linguas. De acordo con este último autor, as linguas non organizan unicamente as «pautas espacio-temporais ou a posición física dos interlocutores nunha situación» determinada, mais tamén chegan a gramaticalizar certos aspectos que teñen que ver cos roles sociais asignados aos participantes que interviñeren nos actos de fala.

En tales casos, achámonos coa antecitada deíxe social, a cal marca efectivamente diferentes graos de hierarquía, distancias e proximidades entre as persoas que fan parte do discurso, mais unha tipoloxía de distancias de natureza sociolóxica e non mostrativa. Porén, as relacións sociais e o tipo de educación, como é obvio, modifícanse, e de feito alteraron esta chamada deíxe social e os elementos con que se manifesta: obsérvase como o tratamento de *vós* utilizado para un só interlocutor xa non é tan frecuente na actualidade como o era hai certo tempo, por exemplo no século XIX; para Fernández Rei (1991: 76), este uso atéstase « esporadicamente no occidente coruñés », aínda que talvez debería ser ampliada esta rexión a incluír máis áreas do país, pois témola ouvido, en reiteradas ocasións e a persoas diferentes, noutras comarcas, como na zona de Sobrado dos Monxes¹¹.

Do mesmo modo, a diferenciación entre *ti* e *vostede* está suxeita aos condicionantes que a propia sociedade marca. Ramallo (2000: 477) sinala que, durante moito tempo, un fillo se dirixía «a seus pais utilizando o pronome de respecto, en especial no mundo rural [...]». Na actualidade este uso está practicamente desaparecido», de xeito que no mundo citadino *ti* está a desprazar gradualmente o correspondente pronome de respecto, feito que «pode verse como unha transformación sintomática das relacións sociais cara á igualdade». Transportado isto ao variacionismo xeracional, permite extraermos algunhas conclusións: i) a fala da mocidade dá mostras de tender cara a un sistema en que as formas consideradas de cortesía ou respecto, tipo *vós* ou *vostede*, son cada vez menos

¹¹ Nótese que a súa documentación remonta á lingua medieval, en que axe como forma equivalente de *tu*. A pesar de a súa utilización ser modernamente ben pouco representativa e de estar en continuo retroceso, a súa regresión non debe de ser demasiado antiga a xulgarmos polo testemuño de García de Diego (1984: 109), quen nos informa da súa existencia na oralidade de comezos do século XX. Por outra parte, nalgúns falas asturo-leonesas tamén se detectaba nos primordios desa centuria a termos en conta que Bardón (1996: 262) recolleu ese pronome no «Vocabulario» que encerra os *Cuentos en dialecto leonés* co valor sinalando que «a los padres y ancianos se les llama siempre *vos* y *usted*».

empregadas, de forma que non sería raro pensarmos que nun futuro a medio ou longo prazo chegarían verdadeiramente a desaparecer; ii) en contrapartida, as variedades lingüísticas da xente de certa idade son tendentes, na maior parte dos casos, a conservaren tales usos, diferenciando entre un *ti* e un *vostede* ou, ás veces, tamén mesmo a distinguiren a utilización tradicional do *vós* de respecto conforme as diferentes persoas da conversa.

2.4 As economías tradicionais

Mais, non nos querendo cinxir a episodios bélicos, botemos unha rápida ollada a outros protagonistas sociais, cal a estrutura demográfica da nación, que é actualmente habitada por case tres millóns de persoas e en que sobrancea un conxunto da terceira idade certamente numeroso. Esas xentes viron como nos últimos anos se produciu unha serie de acontecementos que transformou a súa existencia, nuns casos para as idosas e os idosos viviren máis comodamente e noutros, en troca, para esas persoas sobreviviren aparentemente perdendo en calidade de vida. As grandes transformacións que sufriu a Galiza na segunda metade do século XX tiveron, como era case esperábel, as súas consecuencias na lingua: o ocaso practicamente consumado das economías e dos medios de produción agrícolas seculares, o desaparecemento de certas profesións e oficios tradicionais (cesteiros, teitadores, tixoleiros, zoqueiros etc.), a emerxencia cidadina concentrada comunmente á volta das urbes atlánticas (e paralelo esmorecemento do mundo rural), o propositado desmantelamento estatal da frota galega, a irrupción dos medios de comunicación de masas e da Internet (*cfr.*3) en practicamente todos os fogares etc., fan que unha grande parte do potencial lingüístico de carácter lexical que se empregaba habitualmente neses ámbitos corra o grave risco de desaparecer ou, no mellor dos casos, de ficar obsoleto, conforme sinalou Graña Núñez (1990); así, mesmo provindo de ambientes máis ou menos tradicionais, cantas nenas ou cantos nenos saberían explicar, hoxe en día, o que é un *chedeiro*, unha *estornela*, unha *fochanca*, unha *gramalleira*, un *pasadoiro*, unha *pixota*, unha *regueifa*, un *unllar* etc.¹²

Por outra parte, diversas disciplinas da descrición gramatical tamén deixan intuirmos que certas modificacións lingüísticas no ámbito da morfosintaxe xa se produciron ou, cando menos, xa están nun estadio notábel de avance. Ao fío do que falabamos no parágrafo anterior sobre a mudanza das bases produtivas e económicas, hoxe vai perdendo uso unha rexencia verbal como *casar para* (*A Ana casou para Betanzos*), en que se pode percibir a importancia que tiña o destino no marco dese casamento: que esa muller fose para a antecitada vila implicaba, alén doutras consecuencias, que os medios de produción da casa receptora acrecentaban máis unha persoa como man de obra, o que tiña, como

¹² Cfr. González Seoane (1994: 90-1), quen se manifesta en parecidos termos: «Hai trinta anos, por exemplo, poucos nenos galegos ignorarían o que son as *estornelas*, ou, se o preferides, a *billarda*. Hoxe, non me atrevería a face-la pregunta en ningún colexio [...], sen o temor de que alguén me contestase que as *estornelas* son uns paxaros de cor escura con fama de voraces e a *billarda* é un xogo que se practica enriba dunha mesa con tres bólas e un taco».

é obvio, consecuencias tanto na economía da casa emisora (na perda desa man de obra) canto da recipiente (no seu aumento). Certamente, aínda recoñecendo a dificultade que acarrexará a análise da variación sintáctica, segundo pondera Silva-Corvalán (1989: 98), interesaría verificarmos as dimensións da modificación (semántico-)sintáctica en termos das interrelacións dos factores da variación antes comentados, isto é, o tempo, o espazo, o contexto etc. Neste sentido, leva razón Winford (1996: 188) ao afirmar que «most of so-called “syntactic variation” is motivated by pragmatic factors alone, and seldom, if ever, serves the function of distinguishing social groups in the way that “classic” phonological and morphological variables do».

Un outro caso de similar adscrición á economía camponesa tradicional témolo no seguinte suposto: xa que as colleitas dependían en grande parte dos fenómenos metereolóxicos, e a termos en conta que a Galiza é un país cun alto nivel de pluviosidade, non se torna estraño que en medios de vida rurais existise unha notábel variedade de verbos referidos ao proceso de a choiva caer, denotando a súa cantidade e a súa calidade, tales como *babuñar*, *babuxar*, *barruzar*, *bornazar*, *breoar*, *bretemar* ou *bretimar*, *caer farelos*, *caer unhas gotas*, *caer unhas pingueiras* (ou *unhas pingas*), *chover*, *chover a cimbraceos*, *chover a chuzos*, *chover a máis non dar*, *chuviñar*, *chuviscar*, *circiar*, *debagoar* ou *deba-guar*, *diluviar*, *gorgozar*, *marmanar*, *marmallar*, *marmaxar*, *merear*, *mocallar*, *mormazar*, *orballar*, *orballiscar*, *paniar*, *patiñar* ou *patoñar*, *poallar* ou *pual-lar*, *zarcear*, *zarzallar* etc.; destes, por as transformacións producidas na sociedade galega na segunda metade deste século reduciren considerablemente a poboación que vivía do campo, pasaron a ser maioritariamente empregues na actualidade en ambientes citadinos quer *chover*, para a choiva máis ou menos intensa, quer *orballar*, para esa choiva constante e miúda. Isto parece manifestarse particularmente nas novas xeracións, que, ao non faceren esas distincións semántico-lexicais, contribúen para o seu propio empobrecemento vocabular e tamén para o do galego canto ás posibilidades expresivas. A incidencia da compoñente social no variacionismo que se produce no léxico dáse, como non podía ser doutro xeito, en varias realidades lingüísticas; así, Francis (1989: 20-21) indica que ás palabras do inglés americano *expressway*, *freeway*, *throughway* ou *turnpike* corresponden a británica *motorway*, o que se explica polo «fact that in America each of fifty states has its own highway bureau, while in Britain is only one».

2.5 Os sistemas regrados de crenzas

Igualmente, dado que as relixións fan tamén parte da bagaxe cultural e secular dos pobos como un dos trazos da etnia (Hutchinson + Smith 1996: 6-7), resultaría tamén lícito, nesta sección dedicada á variábel cultura, referírmonos ao factor relixioso cal unha das motivacións da mudanza lingüística¹³. Xa Ferguson, nun traballo publicado nos primordios da década de 80, aborda

¹³ Fasold (1996: 331), a traxer un percurso histórico polos hábitos lingüísticos na rexión de Oberwart / Felsőör, sinala que a relixión «era otro factor a la vez unificador y separador»;

a correlación no mundo moderno entre os sistemas de crenzas e a distribución dos principais tipos de escrita, «a fact which has been noted by sociolinguists and others interested in the spread of writing systems (Ferguson 1996: 59). O manexo e lectura dos textos sagrados dalgunhas relixións pode implicar variacións lingüísticas se a comunidade que fixer uso deles se achar nunhas condicións particulares; neste sentido, cando un sacerdote budista xaponés nunha igrexa budista californiana «recites a *sutra* in Pali with his English-speaking congregation, this is a fine example of the spread of a particular language variety over enormous distances in space and time» (Ferguson 1996: 60). Este mesmo autor sinala tamén máis adiante que un outro tópico para explorar a diferenciación lingüística «or dialect» vai depender da relixión dos utentes da lingua.

A sociedade galega tradicional caracterizouse por se organizar relixiosamente en freguesías ou parroquias cristiás, todas elas marcadas moito de perto por un notábel e particular sentimento de transcendencia. A exceptuarmos diversos colectivos xudeus, que mantiveron íntima e silentemente o seu culto, ou algúns grupos de protestantes, non se verifican na Galiza casos como os que comenta Ferguson relativos a comunidades de crenzas que deseen ou que dean presentemente mostras de mudanzas lingüísticas¹⁴. Nestes medios, á medida que a sociedade virar máis laica e perder o óleo estrutural do catolicismo, tórnase lóxico que expresións como *Así queira Deus, Bo dia* (ou *Boa tarde, Boa noite*) *nos dea Deus, Deus te* (ou *me, o, a, os, as, nos, vos*) *ampare, Fóra a alma, Gloria a quen falta, Grazas a Deus, Meu Deus!, Léveme o demo, Polos cravos de Cristo, Por amor de Deus* ou *Polo amor de Deus, Que Deus cho* (ou *volo, llo, llelo*) *pague, Santa Bárbara nos valla!, Se Deus quer* ou *Se Deus quere*¹⁵, *Vaia por Deus!, Vaia pola Virxe do Carmo!, Vállanos Deus!, Vállanos (a) nosa Señora!, Vállanos a Virxe, Xesús!* (cando alguén esbirra) etc.¹⁶ vaian deixando de ser utilizadas; nas xeracións máis novas e no mundo urbano son fórmulas escasamente detectadas, ao paso que se manteñen cunha relativa facilidade en xente de certa idade e en ambientes rurais.

los campesinos bilingües [entre húngaro e alemán] eran calvinistas mientras que los hablantes monolingües en alemán eran luteranos o católicos».

¹⁴ Falamos, como se poderá deducir, da sociedade tradicional, pois os procesos migratorios de xentes de relixión islámica constatados nos últimos tempos son quen de alteraren esta situación.

¹⁵ De nos guiarmos polo testemuño de Penny (1993: 13), esta expresión acharía as súas raíces na influencia arábiga desenvolvida na «aparición dun número importante de préstamos léxicos y semánticos» e na «modificación del romance hispánico en su sintaxis y fraseología».

¹⁶ Outras expresións en que se deixa de manifesto a grande influencia que a relixión católica tivo na sociedade e subsecuentemente na linguaxe son as que comenta para o portugués Amaral (1945: 123-135), autor que comeza a súa exposición precisamente con estas palabras: «As religiões têm sido, em todos os tempos e em todos os lugares, uma fonte inesgotável de contribuição vocabular e fraseolgia. Das crenças ou dogmas, dos preceitos, do culto, dos ritos e das superstições fluem para a linguagem palavras e expressões em número incalculável». Véxase tamén Ferguson (1996: 66) cando sinala a interdependencia entre a lingua e a relixión: «the total religious systems includes a set of beliefs and attitudes about language».

Máis unha consecuencia da relixiosidade na sociedade actual é a que se verifica no sistema de nomenclatura para os meses do ano. Aínda que se continúa a detectar na actualidade cunha relativa vixencia, sobre todo en rexistros populares adoito relacionados co mundo tradicional, o certo é que até non hai moito tempo resultaba moito máis común do que hoxe en día escoitarmos os nomes *Candelaria* ou *Candeloria* (= febreiro), *San Xoán* (= xuño), *Santiago* (= xullo), *Santa María* (= agosto), *Santos* ou *San Martiño* (= novembro) ou *Nadal* (= decembro), isto é, denominacións en que se ponderaba a festividade dun santo ou dunha santa de certa importancia que cadrase nese mes. O suceso de tales nomes para os meses do ano, para alén da influencia dun impregnante sistema de crenzas que cubría todas as esferas da vida cotiá, tamén debe vincularse ao feito de moitas freguesías galegas estaren consagradas a varias desas advocacións, como é o caso de *San Xoán*, *Santiago* ou *Santa María*.

Outrosí, á marxe do mundo tradicional e rural, a pegada da relixión vaise deixar sentir nunha gama maior de rexistros, algúns marcados por un unha forte carga coloquial ou popular, onde se tamén atestan expresións e vocabulario procedentes do léxico e das prácticas relixiosas¹⁷, como *Así me falte Deus!*, *Dar unhas hostias*, *Casar detrás da igrexa*, *Chover hostias*, *Estar como Deus*, *Estar que nin Deus*, *Estar que nin a Virxe*, *Ficar para vestir santos*, *Lembrarse de Santa Bárbara candro trona*, *Irse o santo ao ceo*, *Merecer unhas hostias*, *Ser a hostia*, *Ser un santo* ou *unha santa*, *Ser un santiño* ou *unha santiña*, *Montar a de Deus*, *Montar un Cristo* etc.

Noutra orde de cousas, ao falarmos de relixión e de sistemas de crenzas non se pode obviar na Galiza a notoria influencia que o culto católico tivo na españolación da lingua, sobre todo no léxico. Pensemos, por exemplo, no outrora tan estendido costume de rezar o rosario case a diario nas casas camponesas (práctica vehiculizada en español), ou na liturxia (tamén desenvolvida nesa lingua) ou na confesión (igualmente levada a cabo en español). Non é estraño, pois, que mesmo os textos da literatura tradicional en que se fai referencia ao mundo da relixión presenten abondosos exemplos de léxico castelanizado, mormente nos nomes dos santos e dos rezos, tal e como se recolle en Frexeiro Mato + Sánchez Rei + Sanmartín Rei (2005: 712):

a españolación [...] non afectou por igual todos os ámbitos do uso da lingua. Un dos que máis ten favorecido a penetración de españolismos é a igrexa [...]. As xentes que nunca escoitaban falar español tiñan nos oficios relixiosos, no entanto, unha vía importante de castelanización, de onde se comprende a grande presenza de españolismos nos campos semánticos que xiran en torno á igrexa, nos nomes dos santos, das divindades etc.

¹⁷ Na verdade, aínda poderíamos contar con palabras provenientes do latín eclesiástico, tales como *abestentate* (< AB INTESTATO) «sen xeito», *filusmío* (< FILIUS MEUS) «rapaz delgado», *panxoliña* (< PANGE LINGUA) «canto de Nadal», *papaleixón* ou *papaleixán* (< *papa* + ELEISON) «parvo» etc., algunhas con atestacións nos textos literarios contemporáneos. Véxase, sobre este particular, o sinalado en Ferreiro (1997: 298-300), Frexeiro Mato + Sánchez Rei + Sanmartín Rei (2005: 712, n. 31) e en Sánchez Rei (2006: 350).

Así, entre as mostras que figuran neste traballo aparecen casos tirados de estrofas transmitidas de xeración en xeración como **Dios*, **Padre nuestro*, **Padre noestro*, **Padre noso*, **Nuestra Señora*, **Nostra Señora*, **San Andrés*, **San Benito*, **San Bertolomé*, **San Martín* etc. A este respecto, non teñen perda as palabras de Andrés Martínez Salazar, tamén recollidas en Freixeiro Mato + Sánchez Rei + Sanmartín Rei (2005: 716), en que deixaba constancia da procedencia foránea da palabra *Dios* en vez da lexítima *Deus* nun texto dado a lume na publicación bonaerense *Almanaque Gallego* en 1901: segundo el, a forma autóctone pasara, «por influencia castellana», a **Dios* (Martínez Salazar 1981: 100).

Finalmente, partillando aquí esferas coa sinonimia, cos recursos expresivos de carácter lexical, coa interacción cultura / linguaxe / pensamento no marco dos tabús e dos eufemismos¹⁸, si se detectan algunhas manifestacións á volta das supersticións e crenzas que implican certa sorte de variacionismo: as nosas xentes do mar, por exemplo, ben como as de diversas nacións atlánticas, non costumaban empregar, ao estaren no barco, palabras como *crego*, *raposo* ou *sacerdote* ou aínda outras polo temor a que algo mao puider acontecerlles (Montero 1981: 150-153; Alonso Romero 1996: 77-90).

2.6 Os deportes

En último lugar, non se pode deixar de lado a importancia sociocultural que a práctica deportiva adquiriu nos últimos tempos. As canles televisivas e outros medios de comunicación contan con amplos espazos horarios dedicados exclusivamente ao deporte e isto tiña de ter, loxicamente, consecuencias na atestación de léxico e de expresións provenientes dese particular ámbito. Deste modo, algúns elementos da linguaxe deportiva acaba(ro)n sendo utilizadas no uso habitual da lingua que fai a xente, o que serve para verificarmos máis unha vez a relevancia dos factores culturais como elementos que favorecen a variación lingüística. Eis algúns exemplos ao respecto, varios deles coincidentes ou provenientes do español, entre os cales destacan, polo seu número, os provenientes do fútbol: *a vida é unha carreira con obstáculos* («a vida está chea de problemas»), *dar o xaque-mate a algo* («concluír algo»), *dar na diana* («acertar»), *casar de penalti* («casar antes de nacer o fillo ou a filla»), *ficar* ou *estar fóra de xogo* («ficar á marxe»), *fallar o tiro* («trabucarse»), *fallar os rodamentos* («ter problemas nas pernas»), *ficar* ou *estar KO* («ficar ou estar durmido», «ficar ou estar sorprendido», «perder»), *ficar fóra de combate* («ficar sen argumentos», «perder»), *ficar no chasis* («enmagrecer moito»), *ir contra reloxo* («ir co tempo xusto»), *ir en pelotón* («ir en grupo»),

¹⁸ Subscribimos as palabras de Hernández Campoy (1993: 46) cando, a falar dos tabús, sinala que estes «tienen mucho que ver con los diferentes modos de estructurar el mundo, en concreto cómo son expresadas en el lenguaje las significaciones culturales, los valores de una sociedad [...]. El tipo de palabras que se declaran tabúes en una lengua determinada es generalmente un buen reflejo de al menos parte del sistema de valores y creencia de una sociedad. Lo declarado tabú puede variar notablemente de una comunidad a otra».

meter un gol («contar unha mentira, «mentir», «enganar»), *meter un gol en propia meta* («atentar contra os propios intereses»), *ser de primeira división* («ser de boa calidade»), *ser de terceira división* («ser de escasa calidade»), *ser un corredor* ou *corredora de fondo* («ser unha persoa constante e traballadora», «ser unha persoa con experiencia»), *ser un peso pesado* («ser unha persoa importante en algo»), *suar a camisola* («traballar duramente»), *tempo morto* («descanso», «intervalo»), *tirar a toalla* («renderse», «resignarse»), *xogar a dúas bandas* («perseguir dous obxectivos», «ter unha dupla vida», «ter unha relación afectiva paralela»), *xogar en campo contrario* («desenvolver unha actividade nun ambiente hostil ou non propicio») etc.

3. AS MOTIVACIÓNS DE NATUREZA TECNOLÓXICA

3.1 A aparición dun novo paradigma social e comunicacional

O rápido desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)¹⁹ está a xerar un novo contexto social que rompe coas estruturas de espazo e de tempo tradicionais e que permite novas formas de interrelación. Non se trata, pois, dunha mudanza exclusivamente tecnolóxica, mais tamén estamos perante unha verdadeira transformación social e cultural. As TIC son consideradas a nivel global como unha das revolucións máis importantes da historia, da mesma transcendencia (ou maior) do que a prensa o fora no seu día (Ávila 2006). Neste sentido, Echeburúa + Labrador + Becoña (2009: 46) fan referencia ás mudanzas tan relevantes que as tecnoloxías están a provocar na vida das persoas e no funcionamento da sociedade. Para estes autores as repercusións das TIC non poden ser comparadas coas da prensa, pois esta última non supuxo unha mudanza similar á da televisión ou á dos computadores, que entraron practicamente en 100% dos fogares e que ficaron con 10% do tempo cotiá das persoas para o seu consumo en exclusiva. Tamén a este respecto Castells (2001: 15) sinala o seguinte:

Internet es el tejido de nuestras vidas. Si la tecnología de información es el equivalente histórico de lo que supuso la electricidad en la era industrial, en nuestra era podríamos comparar a Internet con la red eléctrica y el motor eléctrico, dada su capacidad para distribuir el poder de la información por todos los ámbitos de la actividad humana. Es más, al igual que las nuevas tecnologías de generación y distribución de energía permitieron que la fábrica y la gran empresa se establecieran como las bases organizativas de la sociedad industrial, Internet constituye actualmente la base tecnológica de la forma organizativa que caracteriza la era de la información: la red.

¹⁹ Cómpre, antes de máis, acotarmos que entendemos por tecnoloxías da información e da comunicación, dado que se configura como un termo moi amplo que abarca dispositivos como o telefone, con máis de 130 anos, até outros que tan só levan unhas décadas entre nós, cal o correo electrónico. Con TIC estámonos a referir de modo xeral ás telecomunicacións (radio, televisión, teléfonos fixos e móbiles etc.) e á informática (computadores, consolas, videoxogos, axendas electrónicas, PDAs ou E-books, entre as máis comúns).

No tocante á Internet, e apoiándonos no exposto en Castells (2001: 16), trátase dun medio de comunicación que por primeira vez permite as interrelacións de moitos a moitos nun tempo concreto e a unha escala global, grazas á nova dimensión espacio-temporal que se crea. A introdución das tecnoloxías da información e da comunicación de base informática e, nomeadamente, a Rede, supuxo modificacións relevantes canto á flexibilidade e á adaptabilidade dos procesos na medida en que estas tecnoloxías permiten a coordinación e a xestión das tarefas dunha maneira máis rápida, o que as converte en ferramentas eficaces para a toma de decisións coordinadas, a execución descentralizada e a comunicación global. A evolución e a mellora dos dispositivos tecnolóxicos do mesmo modo que a aparición da Internet e o desenvolvemento da World Wide Web, coa súa estrutura hipertextual, provocaron mudanzas sociais relevantes a nivel global: o número de computadores e de dispositivos electrónicos crece día a día e substitúe os vellos medios de comunicación por outros máis innovadores. O computador, as tabletas e o telefone ocupan cada vez máis o lugar da radio, da televisión, da equipa de música e mesmo do correo postal, pois permiten concentrar todos estes servizos nunha soa máquina. Trátase dun medio de base fundamentalmente textual e, neste sentido, o fenómeno tecnolóxico vai afectar de modo moi directo as linguas, que se ven sometidas a un continuo proceso de mudanza e de adaptación ás novas realidades:

Desde el punto de vista geográfico, el planeta ha sido explorado hasta sus más remotos confines y los viejos cronistas de Indias, encargados antaño de crear un nuevo lenguaje donde cupieran las nuevas tierras e ideas halladas, se han visto sustituidos en parte por informáticos y traductores que tratan de dar cabida en nuestros idiomas a una marea ingente de nuevos términos que aparecen cada día en el ámbito de las nuevas tecnologías. Así, los *navegantes* y *exploradores* humanos del Renacimiento han sido paradójicamente sustituidos por los *navegadores* y *exploradores* informáticos del nuevo milenio (Belda Medina 2003: 11).

3.2 Os condicionamentos tecnolóxicos

A difusión da Internet e da Informática e a proliferación de linguas de especialidade deu lugar ao desenvolvemento de novos termos para describiren usos que até ese momento eran impensábeis. Segundo Crystal (2006: 71), a linguaxe presente no discurso electrónico enforma unha nova variedade en alza e está imbuída dun espírito forte e creativo: as persoas usuarias da Rede están continuamente a procurar vocabulario para describiren as súas experiencias, para captaren a natureza do mundo electrónico e para superaren as limitacións comunicativas que presenta a tecnoloxía. Nesta liña, o autor afirma que o ritmo con que se están a crear novos termos e a introducir variacións sobre os xa establecidos non ten paralelo na linguaxe contemporánea. Este grande desenvolvemento terminolóxico provocou certa incertidume lingüística, o que, por súa vez, está na orixe dalgúns dicionarios de uso, de glosarios e de vocabularios (cfr. Bene-

dito 2003) que foron aparecendo nos últimos anos, do mesmo modo que a chegada dos libros de estilo, que ofrecen ás persoas usuarias unha serie de indicacións sobre a forma de manteren interaccións a través do soporte electrónico de modo satisfactorio. O futuro da ciberlingua está, pois, condicionado a que esta nova variedade lingüística e o seu estilo desenvolvan unha identidade o suficientemente sólida e forte como para motivar novos utentes a tornárenas súa e a lle imprimiren unha nova orientación lingüística, distinta das súas fontes orixinais²⁰.

As transformacións lingüísticas observábeis no medio dixital poden ser explicadas fundamentalmente por dous condicionantes: en primeiro lugar, a necesidade de *cibernomear*. A aparición de novas disciplinas e de novas realidades provoca a aparición de numerosos neoloxismos, non só en forma de novos termos (*modem, internauta, hipertexto, emotícone, multimedia, wifi, adsl* etc.), mais tamén a través da inclusión de novos significados para palabras xa existentes (*rede, capturar, desligar, botón, carro da compra* etc.) ou de palabras procedentes dunha lingua estranxeira (*firewall, homepage, bookmark, webmaster* etc.). En segundo lugar, tamén son de grande relevancia as implicacións do medio, pois en moitos casos a lingua terá de se adecuar á tecnoloxía. De acordo con Fiorimonte (2003: 114) e Crystal (2006: 78-79), cómpre modelarmos as nosas mensaxes co obxectivo de que se adapten tanto ao soporte como á súa audiencia. Neste sentido, o investigador italiano salienta que o tamaño da pantalla condiciona a lectura impedindo visualizar longos extractos de texto, de aí que a escrita de textos breves sexa particularmente apreciada. Do mesmo modo, tamén se fomenta a espontaneidade e a contundencia face á prosa elegante. As limitacións técnicas que existen sobre todo nos sistemas de interacción dixital —restrición no número de caracteres, ausencia de información paralingüística etc.— conducen as persoas usuarias a desenvolveren ao máximo as súas capacidades lingüísticas, obrigándoas a seren creativas: a inventiva lingüística e o xogo en forma de novas palabras e de construcións estrañas é celebrado neste medio. O emprego de enunciados breves, a utilización de maiúsculas nos casos en que se pretenda elevar o ton ou o uso de tamaños diferentes e de cores especiais no tipo de letra das nosas mensaxes constitúen elementos habituais na maioría das prácticas discursivas que teñen lugar no soporte dixital.

As limitacións técnicas do medio, xunto cos condicionamentos pragmáticos que rexen neste contexto, como a natureza informal das interaccións, a inmediatez comunicativa ou a ausencia de contacto visual, provocan propiedades lingüísticas que podemos considerar idiosincráticas e, por tanto, características do discurso electrónico. Entre elas convén salientarmos o carácter oral dos textos, unha menor subordinación, o predominio dos tempos en presente ou a tendencia á condensación (Gómez Torrego 2001).

²⁰ Crystal (2006: 74-75) sitúa os *hackers* como os iniciadores desta tendencia e indica que á medida que estes constrúan a Internet tamén configuraban físicamente as súas diversas situacións, de forma que desenvolvían un sentido de propiedade sobre a ciberfala que se reflicte nas focaxes que os dicionarios e os manuais de estilo actuais veñen adoptando. *Cfr.* tamén 3.5.

3.3 As novas necesidades comunicativas

Como é obvio, nin todas as comunicacións que se producen na Internet se adaptan a tales indicacións e, por iso, sería un erro pensarmos que a Rede restrinxe a súa linguaxe unicamente ás características anteriormente mencionadas²¹. En todo o caso, o que si podemos afirmar é que, fronte ao prescritivismo tradicional que privilexia a escrita sobre a fala e a formalidade sobre a espontaneidade, as novas necesidades comunicativas provocaron unha certa relaxación a respecto da lingua estándar non só por motivos funcionais, mais tamén expresivos. E independentemente dos condicionamentos que operen en cada caso —restricións técnicas do soporte, circunstancias en que se establece a comunicación etc.—, o certo é que as implicacións lingüísticas do soporte electrónico afectan todas as áreas da descrición gramatical, isto é, non só os aspectos lexicais ou os pragmáticos, mais tamén os morfosintácticos e mesmo os ortotipográficos. Esta situación provocou que nos últimos tempos diversos investigadores, como Herring (2001), Crystal (2006, 2008 e 2011) e Yus (2010), incorporasen nos seus traballos esta nova perspectiva lingüística²². Para eles, de considerarmos a Internet como unha revolución, esta será, con certeza, unha revolución lingüística. A seguir, describimos estas mudanzas en función da esfera gramatical a que se adscriben.

3.3.1 O léxico

A área en que viran máis significativas estas transformacións é a lexical. Así, aparecen novos termos ou acepcións directamente relacionados coa ciencia informática (*binario, bit, cable, computador, disco, implementar* etc.), e tamén certo vocabulario necesario para navegar pola Rede e para realizar diversas actividades neste soporte virtual. Algúns destes termos costumaban estar permanentemente visíbeis e asóciáanse ao software que nos permite utilizar unha determinada aplicación: aparecen en forma de lapelas ou etiquetas que designan funcións ou que especifican opcións ou comandos: *abrir, arquivo, atrás, colar, desfacer, edición, enviar, executar, ferramentas, fonte, gardar, historial, imprimir, inicio, insertar, seleccionar, táboa, xanela* etc. Outros fan referencia á poboación que habita neste medio: *ciberusuari@s, ciredáns, digiterati netters, netties, surfers* etc. En moitos casos, achámonos perante termos habituais a que se deu un novo sentido dentro do contexto da Internet: *acceder, bandexa, bloquear, compi-*

²¹ A este propósito, somos conscientes de que non estruturamos sintacticamente igual un texto cando a mensaxe é enviada para unha amizade que cando a diriximos a unha persoa descoñecida que posúe un cargo profesional importante, nin será a mesma sintaxe a dun texto que pretender achegarse da carta tradicional daquel cuxo contido for similar ao dunha nota ou ao dun aviso, da mesma forma que o tempo de que dispuxermos poderá provocar mudanzas no modo en que elaboramos os nosos discursos.

²² Ao se tratar dun fenómeno relativamente recente non existe aínda na actualidade un acordo xeral sobre a súa denominación. Así, para alén da solución acuñada por Crystal (2011), *Lingüística da Internet*, existen outras como a de Herring (2001), que fai referencia á *Comunicación Mediada por Computador* ou a de Yus (2010) que fala de *Ciberpragmática*.

lar, gravar, navegar, páxina, rato, surfear, visitar, vínculo etc. Nesta liña, cómpre subliñarmos o emprego de verbos con esquemas valenciais diferentes dos da lingua estándar, tales como *colgarse* (o computador), *subir / baixar* (un arquivo), *conectarse* (á Internet) ou *pór* (un correo / unha mensaxe)²³.

A ciberlingua entrou cos avances tecnolóxicos, o que provocou un predomínio abrumador da lingua inglesa neste medio e a súa influencia no léxico do resto de linguas que se foron incorporando a este novo soporte. Na opinión de Belda Medina (2003: 16), o inglés é a lingua por excelencia non só na informática, onde é o idioma dominante (*bit, computer, RAM, hardware, helpdesk* etc.), mais tamén da Internet (*chat, e-mail, link, web, mailbox, banner* etc.). Así as cousas, a maior parte do vocabulario deste ámbito procede de traducións e adaptacións, nin sempre precisas. Por exemplo, *baixar* ou *descargar*, cando na realidade o que se baixa non se move do sitio en que estaba, mais dúplícase ou *arquivo*, para nos referirmos a un só documento e non a un lugar en que se ordenan varios. Noutros casos, adóptanse palabras do inglés cando xa existen termos equivalentes no noso idioma, como *comando* en lugar de *orde* ou *clickar* ou *cliquear* en lugar de *premer* (Grijelmo García 2001). Como se pode comprobar, no ámbito da informática a proliferación de novos termos prodúcese a unha velocidade vertixinosa, do mesmo modo que a súa consolidación. Neste sentido, estase creando un vocabulario especializado que manifesta preferencia polas fórmulas anglófonas: *mail* por *mensaxe*, *link* por *ligazón*, *plugin* por *conectar*, *software* por *programa* etc.²⁴ A asunción de anglicismos neste ámbito está tan asentada que na actualidade vira complexo que os neoloxismos ou as adaptacións acaben por substituír as formas orixinais²⁵.

Non obstante, existen diversos mecanismos de grande rendibilidade para facer neoloxía no ámbito das telecomunicacións; primeiramente a composición: *custo por clique*, *duplo clique*, *freeware* (programa libre), *hard disk* (disco ríxido), *Hotmail* (correo rápido), *Netspeak* (Ciberfala), *shareware* (programa parti-

²³ Para unha análise en pormenor dos cadros actanciais dos verbos e da valencia semántica, véxase Vilela (1992).

²⁴ Tanto Grijelmo García (2001) como Somoano (2011: 41) sinalan, para alén dos factores xa mencionados, a moda como un dos condicionantes que explican a supremacía do inglés neste ámbito.

²⁵ En relación co vocábulo *chat*, Belda Medina (2003: 259) indica o que segue: «a estas charlas se las conoce popularmente en inglés y castellano como chats, del verbo *to chat* —charlar—, y a la acción de charlar se la denomina en español *chatear*, un anglicismo parcialmente adaptado al español y criticado por numerosos lingüistas y traductores [...]. No obstante, a pesar de los meritorios esfuerzos etimológicos de lingüistas y traductores [...], lo cierto es que su popularidad ha acabado por imponerlo frente al término o términos autóctonos propuestos, no sólo en español, sino en muchas otras lenguas». Neste sentido, tamén apunta que *chat* debería traducirse, dun punto de vista purista, como *charla* ou *parola*, mais estes termos parecen insuficientes ou demasiado xerais para moitas das persoas que empregan estas canles de conversa interactiva, de modo que *chatear* é, con diferenza, o vocábulo máis popular.

llado), *webcam* (cámara web), *webmaster* (responsábel da manutención dunha web), *base de datos*, *newsgroup* (grupo de noticias) etc. En segundo lugar, destaca tamén a formación de palabras a través de compostos neoclásicos (Belda Medina 2003: 27). Neste sentido, as formas máis extendidas no ámbito informático son *ciber-*, *e-*, *multi-* e *hiper-* que, nalgúns casos funcionan como verdadeiros prefixos: *cibercultura*, *ciberespazo*, *cibernética*, *comercio-e*, *correo-e*, *multimedia*, *multiusuario*, *hipervínculo*, *hipertexto*, *hipermedia* etc. Tamén a través do elemento formante de neocompostos *net* do inglés²⁶ —que pode situarse ben no inicio ben no final de palabra— se teñen formado vocábulos como *Internet*, *intranet*, *netiquette*, *Telnet*, *Arpanet*, *Bitnet*, *Network* etc. A respecto da sufixación, existe na actualidade unha certa tendencia para xerar novos verbos coa terminación *-ear* (*chatear*, *cliquotear*, *escanear*, *formatear*, *guasapear*, *mensaxear*, *resetear*, *teclear*, *twitear*, *backupear*, *crashear*, *linkear*, *banear*, etc.) e en *-izar*, sufixo de grande rendibilidade nos últimos tempos (*computerizar*, *dixitalizar*, *informatizar*, *inicializar*, *monitorizar*, *visualizar*, *ecualizar* etc.). Para o caso dos substantivos destaca o sufixo *-eo* presente en formas como *chateo*, *escaneo*, *pirateo* e *formateo*, entre outras (Belda Medina 2003:138).

Seguíndomos Gómez Torrego (2001) e Crystal (2006: 89-90), dentro dos elementos neolóxicos debemos ter en consideración tamén os acrónimos, como *bit*, *CD-ROM*, *emoícone*, *módem* etc., e as siglas, cal *DNS* (Domain Name System), *FAQ* (Frequently Asked Question), *HTML* (Hypertext Markup Language), *SMS* (Short Message Service), *URL* (Uniform Resource Locator), *CPU* (Central Processing Unit), *LCD* (Liquid Crystal Display), *FTP* (File Transfer Protocol) ou *WWW* (World Wide Web), pois constitúen unha das características máis destacadas da ciberfala. Do mesmo modo, son frecuentes as combinacións de letras e números como en *P2P* (Peer to Peer), en *W3C* (World Wide Web Consortium), en *MP3* (MPEG-1 Audio Layer 3), en *4GL* (Fourth Generation Language) ou en *POP3* (Post Office Protocol Versión 3) e a proliferación de abreviaturas procedentes, sobre todo, dos grupos de chat e dos mundos virtuais, que máis tarde se estenderon a outras situacións da Internet. A este respecto, Crystal (2006: 90) subliña que as tecnoloxías, como os teléfonos WAP (Wireless Application Protocol), debido ás súas pequenas pantallas, provocaron a aparición de todo un novo xénero de abreviaturas. Así, os ditos acrónimos non se restrinxen a palabras ou a frases curtas, mais poden representar cláusulas completas e constitúen un dos recursos máis empregados no mundo anglosaxón²⁷. No que se refire ao galego e, en liñas xerais, a todas as linguas romances, son escasos os acrónimos creados *ex novo* e con frecuencia utilízanse as siglas procedentes do inglés. Entre aquelas máis comúns cómpre resaltarmos *BRB* («Be Right Back» ou «Volto nun anaco»), *BTW* («By The Way» ou «Por certo»), *CUL* («See you later» ou «Vémonos

²⁶ Convén sinalarmos que, embora este sexa de orixe anglófona, o máis habitual é que, tamén neste campo, a procedencia dos elementos que forman os neocompostos sexa clásica, do latín e do grego nomeadamente.

²⁷ En base ao exposto en Morala (2001), son moi comúns os formados por tres letras, que reciben o nome de *TLAs* (*three-letter acronyms*).

despois»), *LOL* («Laughing Out Loud» ou «Rindo sen parar»), *OMG* («Oh my God» ou «Ai, meu deus»), *T2YL* ou *TTYL* («Talk to you later» ou «Falamos máis tarde»), *F2F* («Face to Face» uou «Face a face»), *IMHO* («In My Humble Opinión» ou «Na miña humilde opinión») ou *AFK* («Away from Keyboard» ou «Afastado do teclado»).

3.3.2 A ortotipografía

Tamén a grafía distintiva constitúe un trazo característico da linguaxe da Rede. Configúrase como un sistema mellorado en comparación coa escrita tradicional, pois presenta desde un amplo espectro de fontes e estilos até un sistema reducido mínimo onde, agás excepcións, non achamos contrastes tipográficos. Na mesma liña, os signos ortográficos víronse afectados dunha forma ou doutra. «For example, the status of capitalization varies greatly. Most of the Internet is not case-sensitive, which thus motivates the random use of capitals or no capitals at all. There is a strong tendency to use lower case everywhere» (Crystal 2006: 90). O principio de economía lingüística está presente na maioría destes recursos: elisións vocálicas e consonánticas (*Bs dias princs*), uso de números e símbolos en base ao seu valor (m8, x, d+) etc. Por outro lado, a ortografía non estándar, penalizada na escrita formal, é empregada sen ningún tipo de sancións nos contornos comunicativos da Rede: os erros tipográficos non son considerados tanto unha falta de coñecemento da persoa usuaria canto unha manifestación de inexactitude ao escribir no teclado. Nalgúns casos emprégase a ortografía non normativa para representar a pronuncia ou a intensidade das emocións transmitidas (*apuffff*), en canto que noutras ocasións se trata de usos disidentes que pretenden afastarse da norma e fomentar a innovación lingüística, como o emprego da grafía *k* en galego (Yus 2010: 144-145). A puntuación, por seu turno, costuma estar ausente na maioría das situacións da Internet no referente aos signos básicos (puntos e vírgulas), ao paso que noutros casos o seu uso pode parecer exaxerado e arbitrario, ben a través de combinacións particulares de signos (?!), ben por medio de repeticións (sinais de exclamación e interrogación).

3.3.3 A morfosintaxe

En relación con outro tipo de pormenores lingüísticos, é preciso salientarmos aqueles recursos propios das funcións apelativas e expresivas, como os vocativos, os imperativos, as interrogacións e os enunciados interxectivos. A maioría das producións lingüísticas presentes nos sistemas de CMC aparece truncada ou incompleta por mor da interferencia doutros participantes e manifesta unha sintaxe elíptica, sempre e cando non impida realizar con suceso unha comunicación. Quere dicir, a sintaxe presenta unha grande fragmentación e resulta pouco elaborada: os enunciados son breves, a subordinación é escasa e existe un predominio do presente de indicativo e, consecuentemente, de todos os elementos deícticos relacionados co tempo do emisor: demostrativos (*este/a/es/as*), adverbios (*agora, xa, neste momento*), formas pronominais (*eu/ti, meu/*

teu) etc²⁸. Nesta liña, Gomez Torrego (2001) afirma que con frecuencia as cláusulas aparecen desprovistas de conectores ou no caso de se empregaren estes son exclusivos da lingua oral. As conxuncións subordinantes están limitadas a *que* e *se*, en canto abundan as coordinadas, nomeadamente as copulativas e as disxuntivas. Igualmente, os sistemas de interacción electrónica poden permitir certas licenzas debido ao seu carácter escrito, que con certeza non se producirían nas conversas presenciais, como acontece co estilo e a sintaxe telegráfica: eliminación de preposicións, conxuncións, artigos etc. e de todas aquelas partículas que puideren ser entendidas sen maiores dificultades no marco do intercambio.

3.3.4 A pragmática

De acordo con Yus (2010: 18), unha das grandes achegas dos estudos lingüísticos, baixo o marco investigador da pragmática ou da gramática do texto, é precisamente a certeza de que resulta imposible estudarmos a linguaxe se a separamos do contexto en que esta xorde e é interpretada. Este mesmo autor introduciu en 2001 unha nova subdisciplina, a Ciberpragmática, encargada de analizar a comunicación que se produce nos soportes electrónicos. Así, interésase no modo en que as persoas usuarias recorren á información —en moitos casos limitada se a compararmos con outras situacións máis saturadas de información contextual— para preencheren o baleiro que existe entre o que as persoas usuarias teclean e o que na realidade queren comunicar cos seus textos. Nas súas propias palabras, «la diferente «riqueza contextual» que exhiben las diferentes tecnologías de la comunicación por Internet posee implicaciones en la cantidad y calidad de información que es comunicada y en la efectividad final de su interpretación». As interaccións face a face posúen moitas posibilidades para dotaren de expresividade o intercambio, como a información vocal e visual que acompaña a propia fala. Polo contrario, a anonimía e a esencia textual das interaccións mediadas son, *a priori*, unha merma en comparación coa riqueza contextual das interaccións presenciais e poden provocar interpretacións erradas²⁹; porén, as persoas usuarias entenderon estas limitacións como un desafío e, nestes medios, non só desenvolveron novas habilidades lingüísticas dunha perspectiva simplificadora, máis tamén dunha focaxe compensatoria.

A este respecto, explotaron algúns códigos lingüísticos e semióticos propios doutros medios para transmitiren información de natureza extralingüística, isto é, para enfatizaren un discurso que, de partida, carece de marcas de expresividade: o uso de maiúsculas para indicar un aumento do volume da

²⁸ Para unha análise en pormenor da complexidade morfosintáctica nos textos electrónicos véxase Sotillo (2000).

²⁹ Di tamén Amaglobeli (2012:348): «this features naturally led to the difficulty of comfortable and smooth communication, as it is known that the contribution of the purely linguistic elements in our actual face-to-face communication is much smaller than non-verbal information and prosodic features such as intonation, rhythm and volume».

voz (CALA) ou da puntuación para indicar un estado de ánimo específico (Si!) constitúen un claro exemplo deste tipo de estratexias e reforzan, por súa vez, o carácter oral do discurso electrónico. Non obstante, neste punto vira de especial relevancia o desenvolvemento dos emotícones, non só como un medio para compensaren a frialdade do soporte e suplir a ausencia da canle visual, mais tamén para codificaren a actitude proposicional dos interlocutores³⁰. De acordo con Belda Medina (2003: 271-272), estes pictogramas formados a través da combinación de letras, sinais de puntuación e símbolos pretenden emular xestos faciais e contribúen para a construción do texto na medida en que reforzan ou atenúan os actos de fala e porque, nalgúns casos, se tornan imprescindíbeis para a interpretación ou a desambiguación dos enunciados. Eis algúns exemplos: XD (risos), ☺ (alegría), ☹ (tristura), ;p (complicidade), :-/ (indecisión), :-o (sorprendido), :'-((chorando), :-z (con sono), :-x (un bico) etc.

3.4 O sentimento de pertenza a un grupo

De acordo co sinalado por Sánchez Rei (2011:56) para certos colectivos profesionais, no ámbito da Internet e das telecomunicacións tamén podemos achar algúns linguaxares ou modalidades lingüísticas que para alén doutras motivacións, manifestan igualmente certa vontade críptica. Así, por exemplo, a escrita dos chats ou das SMS, nomeadamente a través das abreviaturas e dos acrónimos, provocan un sentimento de identidade de grupo, na medida en que as persoas usuarias teñen de estar familiarizadas con esa xiria para comprenderen as mensaxes enviadas dentro dese colectivo. Sobre este particular, viran relevantes as palabras de Crystal (2008:56) ao afirmar que

some texting expressions are exactly like slang. And «the chief use of slang», as the old jingle goes, «is to show that you're one of the gang». This is where a notion of a «code» has some relevance. There is no way you can «decode» *F?* or *a3* without being a part of the group which introduced them in the first place.

Noutras palabras, a habilidade para usar e entender aquelas formas reducidas que son exclusivas de cada grupo indica que un individuo fai parte dunha comunidade, forxando unha identidade que exclúe persoas alleas a el. Na opinión dalgúns autores, cal Betti (2006), a linguaxe SMS é considerada desde algúns ámbitos como o código secreto da mocidade. Desde a nosa perspectiva, xulgamos que se asocia ás novas xeracións porque é o grupo de idade a que xorde vinculado o seu aparecemento, igual que en xeral o dominio das tecnoloxías; mais nada permite negarmos que, nas próximas décadas, eses adolescentes que participaron na creación e na extensión da linguaxe SMS continúen, xa

³⁰ Á diferenza doutros recursos baseados na pronuncia, o significado radica na forma dos símbolos, que deben ser visualizados xirando a cabeza cara á esquerda, embora nalgúns sistemas asiáticos poidan ser lidos de modo frontal, cal (*o*) para denotar asombro, por exemplo (Crystal 2008:38).

na madurez, a utilizar esta escrita nas súas relacións vía SMS, xa que o que prima é, como sinalamos en 3.2 e en 3.3, a necesidade de se adaptar ao soporte e ao contexto da interacción e non tanto a faixa etaria das persoas usuarias.

Con todo, si existe na rede unha serie de códigos creados por algunhas comunidades cuxa finalidade é tornaren as mensaxes «completamente ininteligíbeis para os non iniciados» (Ferreira + Carrilho + Lobo + Saramago + Cruz 1996:481). A escrita Leet ou 1337 (Leet speak) é unha mostra de modalidade gráfica críptica; formada por caracteres alfanuméricos e utilizada por algúns grupos da Internet (BBS, geeks, hackers e xogos en liña), esta xiria constitúe unha forma de comunicación exclusiva e privada. De feito a palabra *leet* provén de *elite*. Por tanto, a finalidade principal é que as mensaxes non sexan facilmente comprensíbel para persoas usuarias inexpertas ou alleas a estes colectivos. Non obstante, o seu uso tamén pode responder aos seguintes obxectivos: primeiramente, evitar que os inexpertos alcancen os arquivos máis importantes, no caso dos xogos en liña; en segundo lugar, evitar a censura nas salas de chat, sobre todo nos primeiros tempos da Internet; tamén como alternativa a un apodo xa escollido por outra persoa: substitúese unha letra por un conxunto de signos que a formen e así mantense a pronuncia, como en P|_|<A (Puka)³¹. E, en último lugar, convén citarmos os motivos puramente estéticos ou expresivos, pois —como xa foi indicado— este medio potencia a creatividade. Para a lingua galega vira significativa a seguinte achega de Alfredo López:

3574 M3N54X3 3 94R4 D3M057R4R 45 COU545 74N 1NCR18L35 QU3
90D3 F4C3R O N050 C3438R0. 53 L06R45 L3R I570 90D35 53N7IR73
0R6ULL050 D4 7U4 1N73L1X3NC1A, X4 QU3 50 C3R745 93R5045 0
L06R4N. 1570 D38353 4 QU3 0 H3M15F3R10 D3R3170 D0 C3R38R0
450C14 05 51M80L05 9433C1D05 45 L37R45 QU3 C0Ñ3C3M05 N0RM4L-
M3N73 451 L06R4M05 L3R C0N F4C1L1D4D3. 9015 83N, L3R 3 F4L4R
3N 64L360 3 M01T0 + D04D0, 90R QU3 N0N 0 1N73N745?³²

10. CONCLUSIÓNS

Nas páxinas precedentes tencionouse ofrecer unha nova perspectiva —máis ampla— sobre o variacionismo lingüístico. Nesta liña, focamos a nosa atención sobre os factores socioculturais e tecnolóxicos e, concretamente, abordamos algunhas cuestións que ou ben por teren sido secundarizadas ou ben por constituíren fenómenos relativamente novidosos non foron considerados no estudo da

³¹ Ao contrario das xirias das organizacións laborais como o barallete ou o latín dos canceiros, tanto a linguaxe SMS como o *leet* teñen de ser entendidos non como unha lingua, máis como unha forma de reescribir unha lingua ou, no caso do *leet*, como un método criptográfico. En todo o caso, existen xa na rede tradutores automáticos que incorporan estas modalidades. *Cfr.* <http://textozor.com/hacker-text/>

³² Trátase dun texto que foi amplamente difundido a través da rede social Facebook desde o perfil do antecitado autor coa finalidade de contribuír para o uso da lingua galega. *Cfr.* <https://www.facebook.com/photo.php?fbid=2447962217542&set=a.1757469395653.70055.1806564979&type=1&theater>

variación das linguas até moi recentemente. Así, puidemos comprobar como as transformacións sociais, culturais e tecnolóxicas presentan repercusións evidentes na mudanza lingüística. Na actualidade o proceso de deslocalización xeográfica e de globalización que estamos a experimentar favorece ou intensifica máis aínda esta situación: os procesos migratorios aumentan debido á mellora nos transportes e á situación económica dalgúns países, a Internet elimina fronteiras e achéganos a outras linguas e culturas —non só das máis próximas— e, igualmente, os novos sistemas de interacción electrónica contribúen para mudar o modo en que as persoas se relacionan, pois modifican as dimensións de espazo e tempo tradicionais e o concepto de comunidade. E neste sentido, a lingua en tanto que instrumento social é con toda a probabilidade o maior expoñente das antecitadas transformacións. O efecto lingüístico que estas producen é duplo: por un lado, poñen en marcha mudanzas no carácter formal das linguas e, por outro, ofrécenlles novas oportunidades: créanse novas palabras ou as xa existentes adquiren novos usos e novos significados, incorpóranse termos foráneos, xorden xirias e tecnolectos e, en definitivo, aumenta o caudal léxico das linguas. Todas estas casuísticas permiten constarmos a vitalidade das linguas —e da galega en particular— que, lonxe de constituíren realidade estáticas, evolúen e actualízanse para se adaptaren ás novas circunstancias e ás novas exixencias da sociedade.

11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Almeida, M. (2003) [1999] *Sociolingüística*, Santa Cruz de Tenerife, Universidad de La Laguna.
- Altenhofen, C. V. (2000) «O português em contato com as línguas de imigrantes no Sul do Brasil», Gärtner, E. + Hundt, C. + Schönberger, A. (eds.), *Estudos de Geolingüística do Português Americano*, 71-93, Frankfurt, TFM.
- Amaghlobeli, N. (2012) «Linguistic Features of Typographic Emoticons in SMS discourse», *Theory and Practice in Language Studies*, 2, pp. 348-354.
- Amaral, V. Botelho de (1945) *Meditações Críticas sobre a Língua Portuguesa. Estudos de Estética e Psicologia da Linguagem. Problemas da Moral do Estilo. Personalidade do Idioma Português*, Lisboa, Edições Cama.
- Ávila, R. (2006) *De la imprenta a la internet: la lengua española y los medios de comunicación masiva*, México, El Colegio de México.
- Belda Medina, J. R. (2003) *El lenguaje de la informática e Internet y su traducción*, Alicante, Universidad de Alicante.
- Benedito, J. (2003) *Dicionário da Internet e do Telemóvel*, Lisboa, Centro Atlântico.
- Betti, S. (2006) «La jerga juvenil de los SMS :-)», *Cuadernos del Lazarillo*, 31, pp. 68-76.

- Boller, F. (2000) «Aspectos morfosintácticos e pragmáticos do português uruguaio», Gärtner, E. + Hundt, C. + Schönberger, A. (eds.), *Estudos de Geolingüística do Português Americano*, 253-262, Frankfurt, TFM.
- Borges, J. A. (2000) *Linguagem Popular do Concelho de Figueira de Castelo Rodrigo*, Póvoa de Varzim, Edição do Autor.
- Cabeza Quiles, F. (1992) *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Vigo, Xerais.
- Castells, M. (2001) *La Galaxia Internet: Reflexiones sobre Internet, empresa y sociedad*, Madrid, Areté.
- Chambers, J. K. (2003) «Sociolinguistics of immigration», Britain, D. + Cheshire, J. (eds.), *Social Dialectology. In Honour of Peter Trudgill*, pp. 96-113, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins Publishing Company.
- Crystal, D. (2006) *Language and the Internet*, Cambridge, UK; New York, Cambridge University Press.
- Crystal, D. (2008) *Txtng: The Gr8 Db8*, Oxford, Oxford University Press.
- Crystal, D. (2011) *Internet Linguistics: a student guide*, Abingdon, Oxon, New York, Routledge.
- Echeburúa, E. / Labrador, F. J. / Becoña, E. (coords.) (2009) *Adicción a las nuevas tecnologías en adolescentes y jóvenes*, Madrid, Pirámide.
- Fasold, R. (1996) *La Sociolingüística de la Sociedad. Introducción a la Sociolingüística*, Cambridge, MA, Basil Blackwell.
- Ferguson, C. A. (1996) «Religious Factors in Language Spread», Huebner, T. (ed.), *Sociolinguistic Perspectives. Papers on Language and Society, 1959-1994. Charles A. Ferguson*, 59-68, New York / Oxford, Oxford University Press.
- Ferreira, M. Barros + Carrilho, E. + Lobo, M. + Saramago, J. + Cruz, L. Segura da (1996) «Variação linguística: perspectiva dialectológica», Faría, H. + Pedro, E. Ribeiro + Duarte, I. + Gouveia, C. A. M. (orgs.), *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*, 479-502, Lisboa, Caminho.
- Ferreiro, M. (1997) *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía*, Santiago de Compostela: Laiovento.
- Fiormonte, D. (2003) *Scrittura e filologia nell'era digitale*, Milano, Bollati Boringhieri Editore.
- Francis, W. N. (1989) [1983] *Dialectology. An introduction*, London, Longman.
- Freixeiro Mato, X. R. + Sánchez Rei, X. M. + Sanmartín Rei, G. (2005) *A lingua literaria galega decimonónica*, A Coruña: Universidade da Coruña.
- Glyn Lewis, E. (1972) «Migration and Language in the USSR», Fishman, J. A. (ed.), *Advances in the Sociology of Language*. Vol. II. *Selected Studies and Applications*, 309-341, The Hague / Paris, Mouton.

- Gómez Torrego, L. (2001) «La Gramática en Internet», Palestra no *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/gomez_1.htm. Consultado en 14/02/2012.
- Grijelmo García, A. (2001) «El ciberlenguaje provisional». Palestra no *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/grijelmo_a.htm. Consultado en 31/08/2012.
- Hernández Campoy, J. M. (1993) *Sociolingüística británica. Introducción a la obra de Peter Trudgill*, Barcelona, Octaedro.
- Heywood, L. M. (2008) *A Diáspora Negra no Brasil*, São Paulo, Contexto.
- Hutchinson, J. + Smith, A. D. (1996) «Introduction», Hutchinson, J. + Smith, A. D. (eds.), *Ethnicity*, Oxford: Oxford University Press.
- Koch, W. (2000) «O povoamento do território e a formação de áreas lingüísticas», Gärtner, E. + Hundt, C. + Schönberger, A. (eds.), *Estudos de Geolinguística do Português Americano*, 55-69, Frankfurt, TFM.
- Mariño Paz, R. (1998) *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Martínez Malazar, A. (1981) *Algunos temas gallegos*, Edición de la Real Academia Gallega, costeadada por la Excelentísima Diputación Provincial de La Coruña y por doña Elena Martínez Morás, en conmemoración del cincuentenario del fallecimiento del autor. Vol. II, A Coruña, Gráficas do Castro / Moret.
- Mattos e Silva, V. (2004) *Ensaio para uma Sócio-História do Português Brasileiro*, São Paulo, Parábola.
- Melo, G. Chaves de (1981) [1945] *A Língua do Brasil*, Rio de Janeiro.
- Montero, E. (1981) *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)*, Anexo 17 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Morala, J. R. (2001) «Entre arrobas, eñes y emoticones», Palestra no *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/morala_j.htm, Consultado en 14/02/2012.
- Neira Vilas, X. (1995) *A lingua galega en Cuba*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Neira Vilas, X. (2010) *Presenza galega en Cuba*, Vigo, Xerais.

- Ortiz de Urbina, J. C. (1997) «Por tierras de Castilla y de León después de recorrer las de La Rioja. Reflexiones acerca de la toponimia de alguno de sus lugares», *Homenaje a Pedro Peira. Revista de Filología Románica*, 14, Vol. I, pp. 241-256, Madrid: Universidade Complutense de Madrid.
- Penny, R. (1998) [1993] *Gramática histórica del español*, Barcelona, Ariel.
- Posner, R. (1998) *Las lenguas romances*, Madrid, Cátedra.
- Rabanal, M. (1967) *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses*, Madrid, Alcalá.
- Römischer, M. (2000) «Português e castelhano no Uruguai: contatos léxicos», Gärtner, E. + Hundt, C. + Schönberger, A. (eds.), *Estudos de Geolingüística do Português Americano*, pp. 229-251, Frankfurt, TFM.
- Sánchez Rei, X. M. (2006) *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros*, Ames, Laiovento.
- Sánchez Rei, X. M. (2006) *Lingua galega e variación dialectal*, Ames, Laiovento.
- Silva, M. C. Figueiredo (1996) *A Posição do Sujeito no Português do Brasil. Frases Finitas e Infinitivas*, Campinas, Editora da Universidade Estadual de Campinas.
- Somoano, J. (2011) *Deslenguados. El nuevo español y el uso correcto de nuestro idioma*, Barcelona, Planeta.
- Sotillo, S. M. (2000) «Discourse Functions and Syntactic Complexity in Synchronous and Asynchronous Communication», *Language Learning & Technology*, 4 (1), pp. 82-119. Disponível en <http://llt.msu.edu/vol4num1/sotillo/default.html>. Consultado en 17/02/2012.
- Trudgill, P. + Hernández Campoy, J. M. (2007) *Diccionario de sociolingüística*, Madrid, Gredos.
- Wartburg, W. Von (1991) [1952] *La fragmentación lingüística de la Romania*, Madrid, Gredos.
- Yus, F. (2010) *Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet*, Barcelona, Ariel.

